



PROCEDEMENTO P03-02		Edición: 01
AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA. PERSOAL TES		
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>		

ÍNDICE

1. OBXECTO E ALCANCE
2. DESENVOLVEMENTO
3. REXISTROS
4. GLOSARIO
5. ANEXOS

Control de modificacións		
Edición	Data aprobación	Apartados modificados
01	16/12/2022	Documento orixinal

PROCEDEMENTO PO3-02	Edición: 01
AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

1. OBXECTO E ALCANCE

O obxecto deste procedemento é establecer as recomendacións a seguir co fin de evitar/minimizar os riscos durante a actuación sanitaria levada a cabo polas empresas de transporte sanitario que prestan servizo na Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia-061 (RTSUG-061).

Pretendese tamén:

- Proporcionar pautas de actuación en diferentes escenarios de atención sanitaria urxente.
- Optimizar a atención sanitaria o paciente co fin de prestar a mellor calidade asistencial.
- Crear un entorno seguro durante a actuación sanitaria.

Este procedemento é de aplicación a todas as empresas de transporte sanitario urxente que prestan servizo na RTSUG-061 e ao persoal sanitario da Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (CCUSG-061).

2. DESENVOLVEMENTO

En primeiro lugar, debese establecer un escenario seguro para prestar a asistencia sanitaria. Sempre se debe descartar calquera situación que poida poñer en perigo tanto ao persoal asistencial como ao propio paciente.

A **valoración inicial da escena** debe de considerarse como a primeira parte do proceso de atención do paciente, empezando pola abordaxe da propia escena, determinando a existencia de ameazas para a seguridade do equipo de emerxencias ou para a seguridade do paciente ou testemuñas, identificando a natureza do suceso e decidindo se é necesaria a presenza doutros recursos.

En caso de non ser segura a escena, buscar un lugar seguro e informar á CCUSG-061 da situación e solicitar os recursos precisos se fora necesario. Sempre se seguirán as

PROCEDEMENTO PO3-02	Edición: 01
AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

instrucións dadas polos membros do corpo de bombeiros ou polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (FFCCSE), no caso de estar presentes.

Esta valoración da seguridade da escena é un proceso dinámico e continuo que se irá adaptando en función da información que se vaia obtendo.

2.1 Medidas xerais de autoprotección

Como medidas xerais de autoprotección establécense as seguintes:

- En todas as intervencións, o persoal TES usará os equipos de alta visibilidade e/ou EPI (casco, gafas de protección, máscara, etc.) segundo a normativa de Prevención de Riscos Laborais e procedementos da FPUSG-061 vixentes en cada momento.
- En toda intervención na vía pública manteranse acendidas as luces prioritarias e as luces de emerxencia da ambulancia, salvo que haxa unha indicación de seguridade que indique o contrario.
- O equipo asistencial baixará da ambulancia cando o/a TES condutor/a así o indique.
- Extremaranse as medidas de autoprotección e sinalización en túneles, horario nocturno, vías de circulación rápida e situacións meteorolóxicas adversas, utilizando tamén todos os EPI dispoñibles.
- Non se deberá de intervir nos seguintes casos:
 - Vehículos inestables ou en risco de incendio.
 - Accidentes onde estean presentes estruturas de alta tensión ou eléctricas.
 - Presenza de materiais perigosos
 - Acceso a vía ferroviaria sen a confirmación de que o tráfico está cortado.
 - Escenario con sospeita de atentado ou presenza de tirador activo.

Nestes casos a intervención levarase a cabo cando os equipos de bombeiros ou as FFCCSE así o indiquen.

PROCEDEMENTO PO3-02	Edición: 01
AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

2.2 Medidas a tomar segundo o tipo de escenario

- **Accidente de tráfico:**
 - Estacionar a ambulancia de forma que protexa ao equipo asistencial, cunha distancia suficiente para garantir as medidas contra un impacto. Estará colocada nun lugar anterior ao accidente e en detención evasiva. Seguiranse sempre as indicacións da autoridade de tráfico presente no punto.
 - Quitar as chaves de contacto do vehículo accidentado e frealo co freo de man, se as circunstancias o permiten.
 - Valorar riscos antes de proceder a asistencia, como poden ser aceites, combustibles, densidade de tráfico...
- **Accidente con mercadorías perigosas:**
 - Estacionar a ambulancia á distancia axeitada en función da natureza da mercadoría implicada, e sempre en coordinación cos responsables do Grupo de Intervención.
 - Acadar a maior información posible relacionada co tipo de mercadoría transportada.
 - En caso de presenza de fumes, estacionar a ambulancia en sentido contrario a dirección do vento.
 - En caso de incendio non entrar/intervir ata que os bombeiros o autoricen.
- **Risco eléctrico:**
 - En caso de caída do tendido eléctrico, estacionar a ambulancia fóra da zona sinistrada.
 - Evitar tocar os cables do chan.
 - Seguir sempre as indicacións dos responsables da seguridade no punto.

PROCEDEMENTO P03-02	Edición: 01
AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- **Ambiente hostil:**
 - Se corre risco o equipo asistencial, activar Código Charlie e non acceder ou intervir ata a chegada das FFCCSE.
 - Non dividir o grupo/non deixar só a ningún membro do equipo asistencial, tendo ou asegurando unha vía de escape.

- **Risco NBRQ:**
 - Evitar calquera contacto coa sustancia implicada.
 - Pechar todas as fiestras da ambulancia, desconectar o aire acondicionado/calefacción e permanecer no interior ata que os bombeiros ou equipos técnicos especiais indiquen que a zona é segura.
 - Situarse co vento de costas.

- **Intervención en domicilio:**
 - Indicar o control e illamento de mascotas no domicilio previa a intervención.
 - Na medida do posible, entrar os/as dous/dúas TES no domicilio.
 - Valorar riscos como escapes de gas, risco eléctrico, restos biolóxicos ou obxectos corto punzantes.
 - Na medida do posible colocar o paciente nun lugar amplo e iluminado.

3. REXISTROS

- Aplicación ACORDE
- Folla Asistencial AA-SVB

4. GLOSARIO

- **Seguridade da escena:** valoración que se fai co fin de garantir o benestar e a integridade dos profesionais sanitarios, do paciente e das testemuñas.
- **FFCCSE:** Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.



PROCEDEMENTO P03-02	Edición: 01
AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- **IMV:** Incidente con múltiples vítimas.
- **PAS:** Protexer, Avisar, Socorrer.
- **NBRQ.:** Nuclear, Biolóxico, Radioactivo, Químico.

5. ANEXOS

Anexo I: Algoritmo de valoración da escena para persoal TES.


Anexo II: Responsable de seguridade da escena segundo a natureza do incidente.

PROCEDEMENTO PO3-02	Edición: 01
AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

Anexo I

Algoritmo de valoración da escena para persoal TES

AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA



PROCEDEMENTO PO3-02	Edición: 01
AVALIACIÓN INICIAL DA ESCENA. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

Anexo II

Responsable de seguridade da escena segundo a natureza do incidente

Equipos Responsables	Natureza do evento
Bombeiros e/ou rescatadores	Incendios
	Inundacións
	Derrubamentos
	Vítimas atrapadas
Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (FFCCSE)	Explosivos
	Atentados terroristas
	Tráfico
	Armas
	Aglomeracións humanas
Departamentos específicos autonómicos ou locais como químicos, técnicos, etc.	Incidentes con substancias tóxicas

Sempre se debe manter unha actitude de traballo multidisciplinar.